

CONVOCATORIA ELECCIÓNS Á XUNTA DE GOBERNO

En cumprimento do disposto no Artigo 36 dos Estatutos do COPG (Decreto 114/2008, do 22 de maio da Xunta de Galicia. DOG nº 110, de 9 de xuño de 2008) a Xunta de Goberno acordou, na súa reunión do 30 de xaneiro de 2018, proceder á convocatoria de eleccións á Xunta de Goberno do COPG para o día 4 de maio de 2018.

NORMATIVA ELECTORAL

Capítulo VII dos Estatutos do COPG (Decreto 114/2008, do 22 de maio da Xunta de Galicia. DOG nº 110, de 9 de xuño de 2008).

Censo electoral: Colexiados e colexiadas a 2 de febreiro de 2018 (Art. 36)

Presentación e proclamación de candidaturas (Arts. 34 e 37)

Comisión Electoral: presidenta, secretaria e unha vogal da Comisión de Ética e Deontoloxía (Art. 38)
Ana Suárez Martínez, presidenta; Irene Martínez Montero, secretaria e Katia Rolán González, vogal.

Procedemento de votación (Arts. 39 a 43)

Recursos en materia electoral (Art. 44)

Medios a disposición das candidaturas: Axuda no financiamento da edición da propaganda electoral e difusión da mesma a todos os colexiados e colexiadas.

CALENDARIO

VENRES, 2 FEBREIRO 2018	Constitución da <u>Comisión Electoral</u> . <u>Convocatoria</u> pola Xunta de Goberno.
LUNS, 19 MARZO 2018	Remata o prazo de <u>presentación de candidaturas</u> .
LUNS, 26 MARZO 2018	Tope para <u>proclamación provisional</u> de candidaturas pola Comisión Electoral.
MARTES, 3 ABRIL 2018	Remata o prazo para <u>reclamacións</u> sobre as candidaturas diante da Comisión Electoral.
MARTES, 10 ABRIL 2018	Prazo para resolución das reclamacións e <u>proclamación definitiva de candidaturas</u> pola Comisión Electoral.
MÉRCORES, 11 ABRIL 2018	Sorteo composicións <u>mesas electorais</u> .
MARTES, 17 ABRIL 2018	Envío de <u>material electoral</u> a todos os colexiados e colexiadas: Normativa de voto. Distritos. Enderezo e composición das Mesas. Horario. Papeletas
ANTES DO MÉRCORES 26 ABRIL 2018	Envío <u>propaganda candidaturas</u> .
VENRES, 4 MAIO 2018	<u>Constitución Mesas Electorais</u> nos 7 distritos. <u>Xornada Electoral</u> nos 7 distritos.
SÁBADO, 5 MAIO 2018	Resolución pola Comisión Electoral sobre reclamacións e incidencias.
MARTES, 22 MAIO 2018	<u>Proclamación definitiva de resultados</u> pola Comisión Electoral. Comunicación á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

NOTIFICACIÓNS

As distintas comunicacións no transcurso do período electoral serán realizadas por correo electrónico e publicadas na páxina web do Colexio www.copgalicia.gal.